

EDUCACIÓN INFANTIL

Actividades para traballar o esquema corporal:

- ♥ Os alumnos miraranse nun espello, preferiblemente de corpo enteiro, e irán nomeando as partes do corpo á vez que as tocan. Outra opción sería facer o mesmo coas partes da cara.
- ♥ Diante do espello, representar con xestos e movementos acción que podemos realiza con oso corpo como camiñar, correr, bailar, escribir, comer, permanecer quieto, amasar pan, lavar os dentes.. Podedes facer quendas e que un de vós faga o xesto e o voso fillo/a, adiviñe de que se trata e viceversa.
- ♥ Unha boa maneira de traballar o esquema corporal e a auto imaxe, é facer un debuxo de si mesmo, que ocupe un folio ou cartolina e no que se debuxen todas as partes do corpo. Despois podedes axudarlle ao voso fillo a escribir/copiar o nome das partes principais, como cabeza, tronco, extremidades...
- ♥ Debuxar co dedo un número nas costas do neno/a, este terá que adiviñar cal é. Despois faredes ao revés, e seredes os pais/nais, os que teñades que adiviñar.
- ♥ O espello máxico: comezades vós (nais/pais), seredes os que representa posturas e o voso fillo/a, será o espello que imita as posturas. A imitación darase de maneira simultánea aos movementos do representante. Pasado un tempo, cámbianse os roles.
- ♥ Facer un collage coas diferentes partes do corpo, utilizando recortes de revistas, podedes poñer a foto do voso fillo e será máis divertido.



☺ACTIVIDADES PROPOSTAS POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ☺

Actividades para traballar as emocións:

- ♥ Ioga na casa: estes días vanse a facer longos, así que podedes practicar sesións de ioga cos vosos fillos, axudaralles a estar mais tranquilos. Tendes aquí un enlace a uns vídeos de ioga para nenos.

<https://www.youtube.com/watch?v=jMOZz7GHaog>

<https://www.youtube.com/watch?v=LOYxOzMUgAY>

- ♥ A caixa dos medos: unha actividade divertida para traballar a superación dos medos.
 - 1- Decorar, xunto co voso fill@ unha caixa (de zapatos, ou un tupper) con debuxos, pegatinas
 - 2- Comezade vós, os/as nais/pais, verbalizando o que vos da medo, ou o que vos daba medo de pequenos, despois o escribides nun papel e o metedes na caixa dos medos.
 - 3- Os vosos fillos farán o mesmo, en lugar de escribir o que lles da medo, o poderán debuxar, e finalmente meter na caixa dos medos.
 - 4- Explicádelle aos pequenos que así os medos quedan gardados para sempre.
 - 5- Iranse metendo máis medos, cada vez que aparezan.

- ♥ Cancións para identificar e controlar as emocións:

<https://www.youtube.com/watch?v=ZalrQFAT5W0>

<https://www.youtube.com/watch?v=8NKjWD2Dvcg>

<https://www.youtube.com/watch?v=hX60blksDsU>

- ♥ Xogo interactivo das emocións no seguinte enlace.

<http://www.czpsicologos.es/evenbettergames/jugar.php?juego=esfumate>

<http://www.czpsicologos.es/evenbettergames/jugar.php?juego=emociones>

Actividades para traballar o trazo de forma divertida.

- ♥ Nunha bandexa ou tapa grande, botar fariña, area ou azucre. Co dedo, a modo de lapis, facer letras, números ou figuras.



- ♥ Usar un pincel ou témpera para facer nu folio, trazos verticais, horizontais ou oblicuos.
- ♥ Facer ondas nunha folla, sen levantar o rotulador e sorteando os obstáculos que se lle poñan.

☺ACTIVIDADES PROPOSTAS POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ☺

Actividades para reforzar os conceptos matemáticos.

- ♥ Asociación número cantidade: podedes usar pratos, ou calquera outro recipiente. Escribides un número nun folio ou cartolina e os nenos deben poñer tantos elementos como o número indique (usade botóns, pedras, tapóns, macarróns ...).



- ♥ A roda dos números: esta actividade vale para recoñecer os números e asociar este coa súa cantidade. É moi fácil de facer. Con esta actividade tamén se está a traballar a motricidade fina.


- 1- Recortade nunha cartolina ou cartón, tamén vale un folio, a forma dun círculo. Podedes usar un prato como base.
- 2- Divídídeo en 10 partes, podedes colorealo.
- 3- Debuxade ou pegade adhesivos.
- 4- Nas pinzas de tender a roupa, debuxade números ata o 10.
- 5- Os nenos, terán que colocar a pinza con número correspondente aos adhesivos.

- ♥ Sumas e restas. No seguinte enlace atoparedes un xogo interactivo de sumas e restas doadas para facer cos vosos fillos.

<https://juegosinfantiles.bosquedefantasias.com/matematicas/sumas>

- ♥ Actividades xeometría e recoñecemento de formas.
Buscar pola casa obxectos con forma de cadrado, círculo, triángulo e rectángulo.
Facer un debuxo utilizando formas xeométricas sinxelas. Por exemplo unha case e un sol: utilizando cadrado, triángulo para o tellado e o círculo para un sol.
<https://www.smartick.es/matematicas/razonamiento-espacial-geometria.html>

- ♥ Facer formas xeométricas con palillos.



☺ACTIVIDADES PROPOSTAS POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ☺

Actividades para traballar a linguaxe:

- ♥ _Pedirle a súa opinión sobre que facer o longo do día, que actividades prefire facer antes e despois, preguntarlle o porque de esa decisión...
- ♥ Comentar de xeito oral un conto que este lendo, unha película que acaba de ver...
- ♥ Ver xuntos a televisión adaptándose os seus intereses e facerlle preguntas constantes sobre aquilo que esteades vendo.
- ♥ Lerlle un conto e que o conte coas súas palabras
- ♥ Aproveitar calquera ocasión (tarefas da casa, observación das prendas de vestir, os mobles dunha habitación, as cores...) para traballar o vocabulario. Ademais a continuación tedes o enlace para poder visualizar diferentes vídeos

<https://www.youtube.com/playlist?list=PLfVDJFxsVnTT5bv-dDKEfoWoB1uv6YtRo>:

- ♥ Actividades para traballar a conciencia fonolóxica:

<https://www.youtube.com/playlist?list=PLfVDJFxsVnTSetIlz0R7LqZLCJiqx1urm>

- ♥ Actividades de comprensión:

<https://www.youtube.com/playlist?list=PLfVDJFxsVnTRJGVsFbKoxkTIL7UHqbvHi>

- ♥ Actividades de discriminación auditiva:

<https://www.youtube.com/playlist?list=PLfVDJFxsVnTRT0VbCB4wdIXUoQdFCKS3W>

- ♥ Actividades de concentración, atención e memoria: o vexo-vexo, esconder cousas e darlle pistas paras que as atope...

https://www.youtube.com/channel/UCzuAoxns3UhmP_CQaKNKNxA

♥ OUTRAS RECOMENDACIÓNS:

- ✓ Xogos de mesa, como o parchís, oca, dominó e crebacabezas.
- ✓ Debuxar xuntos e decorar a casa coas producións que xurdan.
- ✓ Cantar e contar contos, adiviñas, trabalinguas, palabras encadeadas.
- ✓ Estaría ben que os vossos fillos vos axuden, na medida das súas posibilidades, nas tarefas de casa, asumindo así responsabilidades e autonomía.

ÁNIMO E MOITA PACIENCIA!!!